

PROGRAMA DO ACTO

- 1.- Intervención do presidente da Asociación, Antonio Álvarez.
2. Proxección do vídeo do Sendeiro Quintá-Río Donsal, e campos de traballo de 2010 e 2011.
- 3.- Lectura do apartado da acta na que se toma o acordo dos nomeamentos, a cargo do presidente da Asociación, e entrega de Diplomas ós homenaxeados, por parte dos membros da Mesa Presidencial.
- 4.- Intervencións de agradecemento e posta en valor do proxecto por parte do arquitecto Andrés Fernández Albalat e Voluntario SCI, en nome dos homenaxeados.
- 5.- Clausura.
- 6.- Interpretación do himno da Asociación composto polo cantautor galego-catalán Alfredo González Vilela.



SENDEIRO DE QUINTÁ - RÍO DONSAL

* Punto de inicio: O Couso, por CP-0708



www.asociacioncastanoynogal.com

<http://es.wikiloc.com/wikiloc/view.do?id=1279394>



Asociación Castaño y Nogal



Voluntariado por la paz desde 1920

Servicio Civil Internacional

Acto de Nomeamento de Membros de Honra da Asociación Castañeiro e Nogueira

DIA: 20 de abril de 2012, venres, ás 19 horas

LUGAR: Salón de Actos da ONCE Delegación de

A Coruña, Rúa Cantón Grande nº3 15003 A Coruña



MEMBROS DE HONRA

ASOCIACIÓN CASTIÑEIRO E NOGUEIRA

Don Manuel Espiña Gamallo
Escritor, profesor e coengo da Colexiata da Coruña

Don Isaac Díaz Pardo
Escritor, pintor e Fundador do Grupo SARGADELOS

Don Manuel Martínez Núñez
Alcalde do Concello de Becerreá

Don Ángel Camino Copa
Ex-Alcalde do Incio

Don Andrés Fernández-Albalat y Lois
Arquitecto

Don Julio López Mouriño
Arquitecto

Don Alfonso García López
Notario

Dona Lucía Pérez Vizcaíno
Cantante

Don Alfredo González Vilela
Cantautor galego-catalán

Dona Helena Villar Janeiro
Presidenta da Fundación Rosalía de Castro e Membro do Consello de Cultura Galega

Servizo Civil Internacional (SCI)
Organización de Voluntariado pola Paz dende 1920

HIMNO

Castiñeiros e nogueiras
De Quintá de Cancelada,
Destes nome a un proxecto
Para salvar a nosa terra.

Un grupiño, bos amigos,
Á beiriña do Donsal,
A xente dende moi lonxe
Ven os sendeiros rozar.

Nesta terra dos Ancares
Hai moitas cousas que ver,
A natureza e cultura
Que non se deben perder.

Os camiños, as pallozas,
Temos hórreos e paleiros,
Respiramos aire limpo,
¡Ó sendeiro compañeiros!

Vamos ó camiño xuntos,
Queda moito que facer,
Natureza tan fermosa,
Non podemos esquecer.

Por nós chaman os camiños,
Por nós berran os carreiros,
Un río con auga pura,
¡Vamos xuntos, compañeiros!

Alfredo González Vilela
Cantautor
Barcelona-11-11-2011

Poema dedicado ó proxecto estrela de Castiñeiro e Nogueira e ós valores do Sendeiro

FINS DA ASOCIACIÓN

Promover o estudo e lexítima resolución de problemas de interese xeral do entorno.

Concienciar os socios e a sociedade sobre a importancia de conservar o medio ambiente e conservar as construcións típicas de cada zona e a súa paisaxe.

Formular, propoñer e reclamar actuacións públicas que combatan o desequilibrio socio-económico e territorial, a carencia de infraestruturas, dotacións e servizos entre zonas e territorios rurais.

Trasladar ós grupos parlamentarios, municipais e ás administracións públicas os problemas do medio rural.

Realizar campañas de concienciación contra o lume, e a favor do desenvolvemento sostido e racional dos recursos naturais, e da reforestación e conservación de especies autóctonas.

Impulsar e promover o desenvolvemento equilibrado e sostido da agricultura, gandería, caza, pesca e turismo rural.

Organizar conferencias, actividades culturais, musicais, artísticas e deportivas.

Programar e organizar cursos para manexo das novas tecnoloxías (internet, correo electrónico...)

Promover a concienciación da sociedade, as Administracións e os socios sobre a importancia de conservar, rehabilitar e restaurar construcións típicas e ancestrais do rural.

Fomentar a cultura e ventaxas e o cooperativismo entre o coñecemento, os medios, os recursos económicos e os humanos.

Contribuír á mellora da capacidade xerencial dos titulares das explotacións familiares e empresariais radicadas no lugar.

Crear e conceder premios e distincións honoríficas.